

RESUMO DAS SUBVENCÍONS PARA:

FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL PROGRAMA APROL- ECONOMÍA SOCIAL

Convocatoria 2016

Orde do 30 de xuño de 2016 (DOG nº 141, mércores, 27 de xullo de 2016)

INFORMACIÓN XENÉRICA

Finalidade

Fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas, e apoiar o desenvolvemento de proxectos de emprendemento colectivo en empresas de economía social.

Programas

- Programa I : Fomento de emprego en cooperativas
- Programa II : Fomento do acceso á condición de persoa socia traballadora
- Programa III : Fomento do emprego en cooperativas para persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil
- Programa IV : Fomento do emprendemento colectivo, para persoas mozas inscritas no sistema de garantía xuvenil
- Programa V : Impulso de proxectos empresariais colectivos
- Programa VI : Intercooperación e integración cooperativa

Características

- As solicitudes a máis dun programa deberán formalizarse por separado.
- A administración ten un prazo de tres meses para resolver e notificar os programas I, II, V e VI.
- Para os programas III e IV será de dous meses.
- Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

Importante: Cando a beneficiaria destas axudas sexa a cooperativa, esta deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas legais referidas ao depósito de documentos e inscricións dos acordos sociais no rexistro de cooperativas correspondente.

Período de execución

- O período de execución para os programas I, II, V e VI abranguerá desde o 16 de agosto de 2015 ata o 14 de novembro de 2016.
- Para os programas III e IV será desde o 1 outubro de 2015 ata o 14 de novembro de 2016.

Período do gasto subvencionable

En todos os casos o gasto subvencionable será o efectivamente pagado desde o 1 de outubro de 2015 ata o 14 de novembro de 2016.

Prazo xustificación

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas será o 16 de novembro de 2016

Prazo de solicitude

- Para os programas I, II, V e VI: 27 de agosto de 2016
- Para os programas III e IV: 30 de setembro de 2016

PROGRAMA I :

FOMENTO DE EMPREGO EN COOPERATIVAS

Finalidade

Fomentar a incorporación de persoas desempregadas, persoas asalariadas temporais e de persoas socias a proba da cooperativa, como socios e socias traballadores/a con carácter indefinido. **Deberá supoñer incremento de emprego fixo respecto aos doce meses anteriores.**

Beneficiarias

- Cooperativas de traballo que incorporen como socios e socias traballadores/as a persoas que no momento da incorporación sexan desempregadas inscritas como demandantes de emprego.
- Cooperativas de traballo que incorporen como socios e socias a persoal asalariado vinculado á empresa por un contrato de traballo temporal.
- Cooperativas de traballo asociado que incorporen como socios e socias con carácter indefinido, a persoas socias en situación de proba.

Contía das axudas

De **5.500 € ata 10.000 €** segundo circunstancias.

- No caso de cooperativas xuvenís as contías incrementaranse nun 25% ou nun 50% se esta é de nova creación.
- No caso de que o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia estea situado nun concello rural, as contías incrementaranse nun 15%

A contía máxima que poderá ser concedida a unha beneficiaria a cargo deste programa I será de 50.000 €.

PROGRAMA II :

FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓ DE PERSOA SOCIA TRABALLADORA

Finalidade

Fomentar o acceso á condición de persoa socia traballadora de cooperativas, mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar, as achegas ao capital social que debe desembolsarse para incorporarse á cooperativa.

Beneficiarias

- Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que accedan a condición de persoa socia traballadora dunha cooperativa de traballo asociado.
- As persoas socias a proba de cooperativas e as persoas asalariadas das cooperativas que accedan á condición de persoa socia traballadora.
- As persoas socias traballadoras dunha cooperativa de traballo a tempo parcial, que accedan á mesma condición a tempo completo.
- As persoas asalariadas dunha empresa que se transforme nunha cooperativa, sempre que non teñan a condición de persoas socias da empresa transformada.

Contía das axudas

De **4.500 € ata 6.000 €** segundo circunstancias; sen que en ningún caso poda ser superior aos importes efectivamente desembolsados en concepto de achega de capital social e cota de ingreso.

No caso de cooperativas xuvenís as contías incrementaranse nun 25%, ou nun 50% se é de nova creación. E nun 15% no caso de que o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia este situado nun concello do rural.

PROGRAMA III :

FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS PARA PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

Finalidade

Fomento da incorporación de mozos e mozas, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, como persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado.

Beneficiarias

As cooperativas que incorporen en centros de traballo situados na CC.AA. mozos e mozas inscritas no Sistema de Garantía Xuvenil como persoas socias traballadoras con carácter indefinido ou a proba.

No caso de incorporación con carácter indefinido, esta deberá supor incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras, respecto á media dos últimos doce meses anteriores

Contía das axudas

Pola incorporación como persoa socia traballadora, con carácter indefinido de **12.000 a 15.000 €**, segundo circunstancias

Pola incorporación como persoa socia traballadora a proba: **600 € ao mes**, por un período de entre 6 a 12 meses, por mozo ou moza incorporada

No caso de cooperativas xuvenís as contías incrementaranse nun 25%. E nun 15% no caso de que o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia este situado nun concello do rural.

A contía máxima que poderá ser concedida a unha beneficiaria a cargo deste programa III será de 75.000 €.

PROGRAMA IV :

FOMENTO DO EMPRENDEMENTO COLECTIVO, PARA PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL

Finalidade

Fomentar o emprendemento colectivo xuvenil, mediante a concesión de axudas aos mozos e mozas inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

(Este programa fomenta a alta como autónoma de persoas mozas, e que se incorpore como tal a unha cooperativa de servizos)

Beneficiarias

Os mozos e mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil en Galicia que emprendan unha actividade por conta propia na Comunidade Autónoma de Galicia, e se incorporen a unha cooperativa en condición de persoas socias, con compromiso de exclusividade para a comercialización dos seus produtos, obter subministracións, servizos e asistencia técnica que precisen.

Contía das axudas

De 8.000 ata 12.000, segundo circunstancias.

PROGRAMA V :
IMPULSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COLECTIVOS

Finalidade

Fomentar a economía social, concedendo axudas económicas para a posta en marcha dos proxectos empresariais, tanto de nova creación coma os xerados polas cooperativas existentes.

Beneficiarias

As cooperativas recen constituídas, a transformación doutras fórmulas empresariais en cooperativas, así como o lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividade das cooperativas existentes.

Contía das axudas

Poderán ser obxecto de subvención **ata o 75%** os seguinte gastos:

- a) Elaboración de estudos de viabilidade, de comercialización, auditorías e outros informes análogos, necesarios para a posta en marcha dos proxectos empresariais, ata un máximo de 1.000 € cando integren a menos 10 persoas socias e ata un máximo de 2.000 € cando integren a 10 persoas socias ou máis.
- b) Elaboración dos estatutos sociais e regulamentos de réxime interno necesarios para a posta en marcha dos proxectos empresariais, ata un máximo de 1.000 €.

Estas contías incrementaranse un 25% se se trata dunha cooperativa xuvenil e nun 15% no caso de que o novo proxecto supoña apertura dun centro de traballo nun concello rural.

PROGRAMA VI :
INTERCOOPERACIÓN E INTEGRACIÓN COOPERATIVA

Finalidade

Impulsar as actividades de intercooperación, realizadas de forma conxunta por entidades de economía social, especialmente os procesos de integración empresarial co fin de acadar a dimensión necesaria para mellorar a competitividade, capturar maior valor engadido e satisfacer adecuadamente as necesidades das persoas que forman a cooperativa.

Tamén proxectos de colaboración empresarial para a consecución de obxectivos comúns relacionados coa investigación, desenvolvemento e innovación, coa loxística, comercialización e internacionalización, subvencionando parcialmente os gastos necesarios para a súa realización.

Beneficiarias

As cooperativas que participen en proxectos de integración ou colaboración empresarial; requírese un mínimo de tres entidades participantes (das cales dúas deben ser cooperativas) no proxecto de colaboración empresarial, agás para o caso de proxectos de integración empresarial que resultará suficiente a participación de dúas entidades.

Igualmente poderán ser beneficiarias deste programa as cooperativas de segundo grado e as cooperativas que resulten dun proceso de fusión realizado no período de execución desta orde.

Actividades subvencionables e contías das axudas

Configuración de proxectos de integración:

- Contratación de asistencia externa para a elaboración de estudos e informes precisos para o impulso de proxectos de integración; en especial estudos de viabilidade, auditorías e proxectos técnicos, ata un máximo de **15.000 €**.
- Contratación de asistencia externa para a xestión e dinamización dos equipos de traballo conxuntos, ata un máximo de **1.500 €**.

Actividades de investigación, desenvolvemento e innovación

- Contratación de asistencia externa para a elaboración de proxectos e estudos de viabilidade en materia de I+D+i, ata un máximo de **15.000 €**.
- Contratación de asistencia externa para a xestión e dinamización dos equipos de traballo conxuntos, ata un máximo de **1.500 €**.

Comercialización e internacionalización

1- Elaboración de proxectos de loxística, distribución conxunta de produtos e oferta integrada de servizos, tendas cooperativas, puntos de atención e outras fórmulas de venda e atención directa ao consumidor e usuario, cos seguintes conceptos e límites:

- Contratación de asistencia externa para a elaboración de proxectos técnicos e estudos de viabilidade, ata un máximo de **15.000 €**.
- Asistencia técnica para a xestión e tramitación de certificacións, homologacións e rexistros marca e patentes conxuntas, ata un máximo de **5.000 €**.

2- Deseño e creación de instrumentos de comercio electrónico a través da internet, excluídos gastos de mantemento: ata **10.000 €**

3- Deseño, tradución e produción de materiais promocionais tales como catálogos de produtos e servizos, materiais audiovisuais, folletos e similares, para a súa comercialización conxunta (excluída a impresión de materiais ou produción de copias), **ata un máximo de 5.000 €**.

4- Misións comerciais e presenza en feiras, mostras e congresos, seguintes límites:

- Gastos de viaxe á cidade de celebración do evento, así como aloxamento: **75 €** por pernoita (cun máximo de 5 pernoitas por evento) e 300 € de gastos de viaxe por persoa, cun máximo de **2.500 €**.
- Gastos e alugamento e loxística de salas e outros espazos necesarios para a realización das accións, casetas, mobiliario e servizos inherentes, asistencia técnica para a organización de eventos e intérpretes: máximo **15.000 €**
- Gastos de asistencia externa en destino para a detección de oportunidades, a realización de axendas e/ou seguimento de contactos iniciais: ata **5.000 €**

A contía máxima que poderá ser concedida a cargo deste programa será de 5.000 € por cada cooperativa participante; agásí no caso de integración empresarial, que se eleva a 10.000 € por entidade, e o límite máximo global de 30.000 € por solicitude.